




Área / Unidade APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 ALC	Documento 2371AI007R	
Código de verificación  3F4G 3H05 3F1K 3W02 0FML	Expediente 237/2026/3	
	Fecha 18-03-2026	

RESOLUCION

Asunto: Convocatoria específica de concesión, en régimen de concurrencia competitiva, de subvenciones destinadas a actividades de interés social en materia de igualdad y diversidad del Ayuntamiento de A Coruña para el ejercicio 2026

O Concello da Coruña, en virtude do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ten atribuída a competencia para promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións veciñanza.

En todo caso, exercerá as súas competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de *“actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.”* (nova letra o) do artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local de acordo coa Disposición final primeira do Real decreto Lei 9/2018, do 3 de agosto (BOE do 4 de agosto) de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Para poder atender a actividade de fomento de actuacións sociais en materia de Igualdade e Diversidade, existe crédito na aplicación 51.2311.48900 do Orzamento municipal en vigor. A presente convocatoria destinada a actividades a realizar no 2026 contempla un gasto de 150.000 euros.

A concesión de subvencións constitúe un instrumento básico e indispensable para a consecución dos obxectivos fixados na política social e económica do Concello da Coruña. Por iso, a Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación propón a aprobación da seguinte convocatoria de subvencións, en concurrencia competitiva, coa fin de reforzar o seu compromiso claro coa eliminación da discriminación entre mulleres e homes, coa promoción da Igualdade, a prevención e loita contra as violencias machistas en sentido amplo, a atención ás vítimas e as acción pola defensa do recoñecemento e os dereitos das persoas LGTBQI.

E isto, de acordo coas previsións contidas na Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, na Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Establécense dous tipos de liñas subvencionables dentro da presente convocatoria:

Liña 1: Fortalecemento do movemento asociativo no ámbito da acción polos dereitos das mulleres e a non discriminación de colectivos minorizados por cuestión de orixe; diversidade cultural ou étnica; diversidade de capacidades; diversidade de expresións de xénero, identidades ou orientacións sexuais, etc.



Concello da Coruña

O obxecto desta liña é o de apoiar economicamente os gastos de funcionamento precisos para contribuír á dinamización asociativa e o fortalecemento colectivo do movemento asociativo activo pola igualdade e a diversidade no Concello da Coruña.

Liña 2: Actividades de prevención das violencias machistas en sentido amplo e atención ás vítimas, accións pola defensa do recoñecemento e os dereitos das persoas LGTBQI e accións de promoción da igualdade de xénero.

Esta Liña divídese nos seguintes programas:

Liña 2.1 Fomento da igualdade de xénero e da erradicación de violencias machistas en sentido amplo cara ás mulleres e menores

Liña 2.2 Promoción activa e defensa dos dereitos LGTBQI (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais, queer e intersexuais), repulsa de comportamentos baseados no odio ao non-heteronormativo e interseccionalidade con outras diversidades.

Poderase solicitar subvención para unha ou varias liñas e/ou programas subvencionables, que deberán ser obxecto de solicitudes independentes. No caso de presentar solicitude para máis dunha liña, programa ou actividade, a entidade solicitante deberá presentar con cada solicitude todos os anexos e documentos relacionados nas bases para cada unha delas, de forma independente.

A este respecto, o artigo 72 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón: "*As Corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilítanlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69. A tales efectos poden ser declaradas de utilidade pública*". Á súa vez, o artigo 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais dispón que "*as Corporacións Locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local*."

De acordo co establecido anteriormente, no *artigo 3.1 apartado b) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante, LGS)*, o outorgamento de subvencións por este Concello axustarase ás previsións da citada lei que, no seu artigo 9.2 dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as Bases reguladoras das subvencións da Corporación Local. Así mesmo, o artigo 17 LGS establece que "*as bases reguladoras das subvencións deberanse aprobar no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións*".

En cumprimento dita previsión legal, o Concello en Pleno, en sesión celebrada o día 6 de xuño de 2024, acordou aprobar definitivamente a *Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións por el Ayuntamiento de A Coruña y sus organismos autónomos*, que resultou publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia número 157 de data 16 de agosto de 2024.

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 23 e seguintes da LGS, mediante a comparación de solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados na convocatoria (Base 13), e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios e a súa iniciación, que será sempre de oficio, mediante a respectiva convocatoria aprobada polo órgano competente.

As bases da convocatoria cumpren tamén a instrución ditada pola Concellaría de Economía, Facenda e Réxime Interno para a tramitación de subvencións como medida de reactivación económica no Concello da Coruña no contexto actual, entre elas, a tramitación da convocatoria ata a resolución da concesión,



Concello da Coruña

aínda que haxa subvencións de exercicios pechados pendentes de xustificación. Inclúe, ademais, a esixencia de mención de diversos preceptos incluídos na Ordenanza Municipal da Coruña para a igualdade na diversidade.

As resolucións que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local en virtude do establecido no art. 127 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. A Xunta de Goberno, por Acordo de data 4 de xullo de 2024 (BOP número 129, do 5 de xullo de 2024) delegou, de conformidade co previsto no art. 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nas concelleiras e concelleiros delegadas e delegados, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos de cada área respectiva, o desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesión e negocios xurídicos patrimoniais que se rexen polo apartado c)), e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión, así como a aprobación de subvencións nominativas previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos mil euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Á vista do informe emitido pola xefa de servizo de Servizos Sociais, a concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, acordo de data 4 de xullo de 2024 (BOP número 129, do 5 de xullo de 2024), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades de interese social en materia de igualdade e diversidade no termo municipal da Coruña para o exercicio 2026, que figuran no expediente de referencia. (CSV versión galego 3R3Z 133S 4S4L 0C4M 0UVU; CSV versión castelán: 0E6C 3Q3Y 414P 2O1O 06LJ), así como os anexos das mesmas (CSV 3A2N 414G 4K1J 6E2I 0S7N)

Segundo.- Autorizar o gasto de 150.000 euros que supón esta convocatoria, con cargo á aplicación 51.2311.48900 "outras transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro" do Orzamento Xeral do Concello para 2026 (BOP nº20 do 30.01.2026)

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento.

A concelleira responsable de Benestar Social, Participación e Igualdade

Nereida María Canosa Domínguez

P.D. da Xunta de Goberno Local (acordo do 04.07.2024 BOP nº 129 do 05.07.2024)